

7.- ENGADIR UNHA URL

Para que serve un URL?

O recurso de tipo URL permite ao profesor engadir unha ligazón con calquera páxina web externa ou interna. Normalmente podemos utilizar este recurso para incluír ligazóns directas a determinados sitios de interese para alumnos, para que os poidan visitar sen necesidade de que teñan que escribir o enderezo. Os URL poden mostrarse de varias maneiras, por exemplo abrir nunha ventá nova de maneira que o alumno poida acceder e usar este URL e despois pechalo regresando con facilidade á páxina orixinal do curso de Moodle.

Como se crea un URL?

Igual cos anteriores recursos.

Nos parámetros de configuración destacamos os seguintes:

Xeral

Nome: introducimos un nome que servirá como título para este recurso.

URL externo: neste campo escribimos o enderezo da páxina web coa que queremos enlazar.

Descrición: escribimos un pequeno texto descritivo deste URL.

Aparencia

Presentar: este axuste, xunto co tipo de URL, e sempre que o navegador do usuario permita a integración, determina como se presenta o URL. As opcións poden incluír:

- Automático - Selecciónase de forma automática a mellor opción para presentar o URL.
- Incrustado - Preséntase o URL dentro da páxina baixo a barra de navegación xunto coa descrición do URL e calquera outro bloque.
- Abrir - Só se presenta o URL na xanela do navegador.
- En xanela emerxente - Presentase o URL dentro dunha nova xanela do navegador sen menús nin barra de enderezos.
- Largura e altura da xanela (en píxeles): permite establecer as dimensións da xanela
- Presentar a descrición do URL: permite mostrar ou non a descrición da URL.

Variábeis de URL Característica de uso avanzado que permite enviar determinados datos ou variábeis ás URL que se presentan